


**ASUNTO: TRASLADO DE INFORMACIÓN AOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN  
RESPECTO DA INVESTIGACIÓN DE GAS RADON NA FACULTADE DE FILOLOXÍA E  
TRASLADO DO PERSOAL DA CONSERXARÍA**


O desenvolvemento da investigación sobre presenza de gas radon nos edificios que albergan a Facultade de Filoloxía, tivo como consecuencia o traslado do persoal da conserxaría a outras dependencias situadas no mesmo andar 0 do edificio principal. Para o seu coñecemento, achego o informe detallado de accións levadas a cabo, realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

A Coruña, 5 de decembro de 2014

O xerente,



Juan Manuel Díaz Villoslada



## INFORME PARCIAL DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN SOBRE PRESENZA DE GAS RADON NA FACULTADE DE FILOLOXÍA. CAMPUS DA ZAPATEIRA

Continuación do informe de quen subscribe datado o 14 de maio de 2014 no que se poñía de manifesto a programación de medicións neste centro, para o seu coñecemento e efectos paso a relatarlle o detalle das actuacións levadas a cabo na Facultade de Filoloxía

- 14/05/2014 Traslado de información de interese e planos do edificio da Facultade de Filoloxía ao Laboratorio de Radioactividade Ambiental
- 23/05/2014 Reunión coa decana e co vicedecano de infraestruturas do técnico do Servizo de Prevención de Riscos Laborais e do técnico do Laboratorio de Radioactividade Ambiental co fin de informarlle das accións que se van desenvolver no centro.

Selección de locais nos que se realizarán as medicións:

- Biblioteca (andar -1).
- Conserxaría
- Despacho de investigadores (andar -1)
- Administración do Centro de Linguas

Información aos responsables e usuarios destes locais e solicitude de colaboración na custodia do equipo.

- 25/06/2014 Realización de medicións de radon en continuo co equipo Alphaguard no local da biblioteca (andar -1), conserxaría e despacho de investigadores (andar -1).
- 27/06/2014 Realización de medicións de radon en continuo co equipo Alphaguard na Administración do Centro de Linguas e colocación de detector de trazas.

Resultados das medicións en continuo co equipo Alphaguard, con carácter previo á colocación dos catro detectores de trazas durante un período de 3 meses:

| Andar | Lugar de medida                                  | Data     | Media (Bq/m <sup>3</sup> ) | Temperatura (°C) | Humidade relativa (%) | Presión (mbar) |
|-------|--|----------|----------------------------|------------------|-----------------------|----------------|
| -1    | Aula de Investigación                            | 25/06/14 | 183 ± 44                   | 20,6             | 61,6                  | 1000           |
| +0    | Conserxaría                                      | 25/06/14 | 2528 ± 222                 | 22,5             | 62,3                  | 1000           |
| -1    | Biblioteca Sala (A+0.03)                         | 25/06/14 | 2848 ± 276                 | 22,4             | 60,3                  | 1001           |
| +0    | Administración Centro de Linguas. Edificio Anexo | 27/06/14 | 711 ± 100                  | 21,4             | 61,3                  | 1000           |



09/10/2014 Informe das medidas de radon cos detectores de trazas nas localizacións indicadas na Facultade de Filoloxía

Os resultados obtidos foron os seguintes:

| Andar | Nº serie dosímetro | Lugar de medida                                  | Inicio exposición | Final exposición | Nº de días | Actividade media de Radón (Bq/m <sup>3</sup> ) | Incerteza 2σ |                    |
|-------|--------------------|--|-------------------|------------------|------------|--|--------------|--------------------|
|       |                    |  |                   |                  |            |  | ±%           | ±Bq/m <sup>3</sup> |
| -1    | 427344             | Aula de Investigación                            | 25/06/14          | 23/09/14         | 90         | 296  | 18           | 53                 |
| +0    | 427345             | Conserxería                                      | 25/06/14          | 23/09/14         | 90         | 4486   | 17           | 763                |
| -1    | 427346             | Biblioteca Sala (A+0.03)                         | 25/06/14          | 23/09/14         | 90         | 2245   | 17           | 382                |
| +0    | 427347             | Administración Centro de Linguas. Edificio Anexo | 13/06/14          | 23/09/14         | 88         | 590  | 17           | 100                |

O ditame técnico é o seguinte:

"A continuación móstranse os resultados das doses totais anuais, extrapoladas a partir do tempo de medida do dosímetro (90 días). Considerouse un factor de equilibrio de 0.5, un factor de conversión de Working Level Month a dose de 5 mSv/WLM para os traballadores e un tempo de estancia no posto de traballo da Conserxería de 35 horas semanais, mentres que para a Biblioteca considerouse unha estancia de 2 horas semanais (trátase dunha habitación da Biblioteca onde só se vai a coller libros, a xente non está alí de maneira permanente)

| Posto de traballo        | Horas semanais | Dose anual (mSv) |
|--------------------------|----------------|------------------|
| Conserxería              | 35             | 29,95            |
| Biblioteca Sala (A+0.03) | 2              | 0,857            |

A dose anual que sería recomendable non superar para traballadores non expostos e membros do público en xeral é de 1 mSv/ano tal como recolle a Instrución IS-33. Tendo en conta as horas de exposición por semana, na Conserxería supérase a dose anual de referencia, mentres que na Biblioteca isto non sucede.

Con esta dose de referencia, faise un cálculo aproximado do número de horas ao ano que non debería superar ningún traballador para que a dose recibida sexa de 1 mSv. Este cálculo é meramente orientativo, débese considerar simplemente como unha referencia, xa que a concentración de radón varía ao longo do ano, e por tanto a dose é diferente en función de se esas horas cúmprense durante un período concreto (por exemplo os meses de verán) ou repartidas en todo o ano.

| Posto de traballo | Horas anuais/ Dose: (1 mSv) |
|-------------------|-----------------------------|
| Conserxería       | 56,1                        |

No entanto, sempre é importante seguir o criterio ALARA ("tan baixo como razoablemente sexa posible") e recoméndase optimizar -á baixa- as doses que reciben os traballadores, ben aumentando a ventilación natural, con ventilación forzada ou se é necesario tomando outras medidas de remedio.

En caso de tomar accións para mitigar a concentración de radón, debería realizarse unha medida anterior e posterior á da devandita acción mitigadora, para poder avaliar a eficacia da mesma.

10/10/2014 Traslado dos resultados e conclusións á Xerencia.



- 17/10/2014 Convocatoria polo xerente de reunión para a planificación de accións correctoras.  
Participantes: Xerencia, Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas, Equipo Decanal, Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Laboratorio de Radioactividade Ambiental
- 27/10/2014 Reunión de planificación de accións correctoras, cos seguintes acordos de realización de forma inmediata:
- Reunión informativa do Decanato, co asesoramento do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, ao persoal da conserxaría respecto da investigación realizada e das medidas correctoras que se implantarán. Acórdase como data de reunión o 29/10/2014 ás 17:30 horas.
  - Traslado da conserxaría a outra localización previa medida de radon e comprobación da estar dentro de límites.
  - Novas medicións na administración da biblioteca e nos locais do Decanato.
  - Implantación de ventilacións periódicas na Administración do Centro de Linguas e no local da biblioteca.
- 29/10/2014 Reunión do Equipo Decanal e o Servizo de Prevención de Riscos Laborais co persoal da conserxaría co fin de informarles dos resultados das medicións e das accións que van a levarse a cabo de forma inmediata. Consúltaselles opinión sobre a idoneidade do novo destino provisorio de emprazamento da conserxaría. Especificamente, infórmase ao persoal que a partir dese momento a súa vixilancia da saúde realizarase segundo o protocolo de radiacións ionizantes. Esta vixilancia da saúde resulta voluntaria para o traballador, mais instaselles a que se inscriban no recoñecemento médico aqueles que non estiveran xa inscritos, en caso de que non desexen realizala deben renunciar a este recoñecemento médico por escrito. Infórmase dos modelos de renuncia.
- 29/10/2014 Inicio de novas medidas en continuo en distintas localizacións do Centro co obxectivo de, entre outras razóns, atopar unha localización libre de radon para a conserxaría. Mídese nos seguintes lugares:
- Despachos de administración de Biblioteca
  - Hall de entrada
  - Administración do Centro
  - Vicedecanatos
  - Sala de xuntas
  - Decanato. Despacho de asuntos económicos
  - Decanato. Despacho da decana
  - Conserxaría. Marcadoras correo
  - Vicedecanatos. Despacho secretario do Centro
  - Local vixilantes de seguridade
- 11/11/2014 Traslado da conserxaría ás dependencias da sala de xuntas no andar 0, logo de comprobar que ten niveis aceptables de gas radon e descartar o traslado ao hall de entrada.



21/11/2014 Informe de resultados das medicións de radon co equipo Alfaguard emitido polo Laboratorio de Radioactividade Ambiental.

Os resultados das medicións foron os seguintes:

| Andar | Lugar medida                              | Data inicio medida    | Data final medida     | Media Radón (Bq/m <sup>3</sup> ) | Temperatura (°C) | Humidade Relativa (%) | Presión (mbar) |
|-------|---|-----------------------|-----------------------|----------------------------------|------------------|-----------------------|----------------|
| +0    | Despachos Biblioteca                      | 29/10/14<br>(12:50 h) | 31/10/14<br>(21:20 h) | 418 ± 81                         | 23,1             | 56,2                  | 998            |
| +0    | Corredor Entrada                          | 31/10/14<br>(21:20 h) | 03/11/14<br>(8:30 h)  | 649 ± 107                        | 21,6             | 56,5                  | 1001           |
| +0    | Administración                            | 03/11/14<br>(8:40 h)  | 05/11/14<br>(11:50 h) | 81 ± 26                          | 21,3             | 45,7                  | 987            |
| +0    | Vicedecanato                              | 05/11/14<br>(12:00 h) | 07/11/14<br>(10:00 h) | 274 ± 62                         | 22,6             | 51,7                  | 994            |
| +0    | Sala de Xuntas                            | 07/11/14<br>(14:30 h) | 11/11/14<br>(11:00 h) | 94 ± 32                          | 22,3             | 43,5                  | 989            |
| +0    | Decanato (Asuntos Económicos)             | 11/11/14<br>(11:00 h) | 13/11/14<br>(12:40 h) | 184 ± 47                         | 22,9             | 46,3                  | 983            |
| +0    | Decanato (Despacho Decana)                | 13/11/14<br>(12:40 h) | 14/11/14<br>(20:20 h) | 26 ± 12                          | 21,9             | 45,9                  | 982            |
| +0    | Marcadoras correo                         | 14/11/14<br>(20:30 h) | 17/11/14<br>(07:40 h) | 1600 ± 188                       | 21,6             | 49,1                  | 990            |
| +0    | Despacho Secretario (Vicedecanato)        | 17/11/14<br>(8:00 h)  | 18/11/14<br>(09:30 h) | 396 ± 78                         | 20,1             | 55,0                  | 992            |
| +0    | Local Vixiantes Seguridade Edificio Anexo | 18/11/14<br>(9:40 h)  | 20/11/14<br>(10:00 h) | 344 ± 70                         | 25,2             | 42,2                  | 991            |

24/11/2014 Traslado do informe á Xerencia e remisión da Xerencia ao Equipo Decanal do centro.

24/11/2014 Solicitud verbal do colaborador de prevención do centro para apoio ao equipo decanal nunha reunión informativa a todo o persoal do centro para información do proceso de investigación de presenza de gas radon que se está levando a cabo.

25/11/2014 Solicitud escrita da decana para a realización de novas medicións no despacho da facultativa de biblioteca e, novamente, no Centro de Linguas.

A situación actual é a de coordinación do Servizo de Prevención co Decanato e co Laboratorio de Radioactividade Ambiental para a realización das novas medicións e da reunión informativa ao persoal do Centro.



Respecto da vixilancia da saúde do persoal afectado compre dicir o seguinte:

- As Unidades Básicas Sanitarias encargadas dos procesos de vixilancia realizan a cada traballador afectado o recoñecemento periódico xunto cos restantes compañeiros do centro. Adicionalmente realiza un recoñecemento específico por exposición a gas radon que inclúe nunha analítica de fluídos tipo RAD e radiografía de tórax con carácter voluntario para o traballador, decisión que adopta logo de recibir asesoría do persoal sanitario.
- Actualmente está realizada a vixilancia periódica do persoal da Facultade de Filoloxía, o recoñecemento específico está previsto que se realice no mes de xaneiro de 2015.
- Respecto do persoal que actualmente non ten destino na conserxaría, mais si o tivo no pasado, está previsto convocalo para a realización da vixilancia da saúde en caso de ter destino nese edificio dende o ano 2000.

A Coruña, 5 de decembro de 2014

A xefa do Sº PRL

Dolores Arias Vázquez